ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A INFORMADOR TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as oito e media horas do día vintetrés de xuño de dous mil vintedous, reúnense os membros da Comisión de Selección para a contratación dun técnico/a informador turístico para a oficina de turismo do Concello, conforme ás bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data do 13 de maio de 2022, que se relacionan de seguido:

Presidenta: Dª . Nieves González Mujico, educadora social
Vogais....: Dª María Paz Gutiérrez Abella, traballadora social.
Dª. Ana Pájaro Fernández, AEDL.
Dª Eva Varela Ares, Encargada PAI.
Secretario: D. José Ramón Casal Orza, funcionario municipal

Constituída a Comisión, procédese, en primeiro lugar, á elaboración do cuestionario tipo test, en base ao temario que figura como anexo I das bases da convocatoria.

A continuación, os/as membros da Comisión, desprázanse a Casa da Cultura para celebrar a proba escrita, tal como se fixou na resolución pola que se aprobaba a relación de admitidos/as e se fixaba o lugar e hora de realización da citada proba.

Seguidamente, realízase o chamamento público dos candidatos/as admitidos, comprobando a súa identidade co DNI, comparecendo os seguintes aspirantes:

Apelidos e nome
Alonso Rodríguez, Paula
Lampón Lampón, Ramona
Parrado Rodríguez, Celia
Penedo Vázquez, Eva
Sesto Rey, Raquel

Realizada a proba escrita e valoradas as respostas, resultan as seguintes puntuacións:

Apelidos e nome	Puntuación proba escrita
Alonso Rodríguez, Paula	1,80
Lampón Lampón, Ramona	2,55
Parrado Rodríguez, Celia	2,10
Penedo Vázquez, Eva	1,80
Sesto Rey, Raquel	2,40

Unha vez valorados os méritos e a proba escrita, resultan as seguintes puntiacións totais:

Apelidos e nome	a) Outras titulacións	b) Cursos, seminarios e xornadas	c) Idiomas	d) Galego	e) Experiencia	Fase proba	Total
Alonso Rodríguez, Paula	1	1	0,85	0,50	1,95	1,80	7,10
Arias Mas, Borja	1,50	0,10	0,20	0,50	0,45	---	2,75
Chousal Ferreira, Alberto	1	0,50	0,60	0,50	1,65	---	4,25
Cornado Rodríguez, Lucía	1,50	1	0,70	0,50	1,65	---	5,35
Fernández-Couto Tella, Constanza	0	1	0,60	0,50	1,80	---	3,90
Illodo Ferreiro, Ángela	0,50	1	0,95	0,50	2	---	4,95
Lampón Lampón, Ramona	1,50	1	0,65	0,50	2	2,55	8,20
Martínez Otero, Pablo	0	0	0,25	0,50	0	---	0,75
Martínez Prado, Gutier	0	0,50	0,40	0,50	1,20	---	2,60
Merino Mouriño, Patricia	0	1	0,60	0,50	0	---	2,10
Parrado Rodríguez, Celia	1	0,90	0,75	0,50	2	2,10	7,25
Pena Brantuas, Vanesa	1,50	1	1,15	0,50	2	---	6,15
Penedo Vázquez, Eva	1,50	1	0,45	0,50	0,90	1,80	6,15
Rodo Calvo, Sara	1,50	0,50	0,25	0,50	0	---	2,75
Sánchez Sanmartín, Mª Carmen	0,50	0,70	0,80	0,50	2	---	4,50
Sesto Rey, Raquel	0,50	0,50	0,30	0,50	2	2,40	6,20
Veiras Barreiro, Cristina	1,50	0,10	0,95	0,50	1,80	---	4,85

Á vista das puntuacións totais obtidas, a Comisión acorda:

1. Publicar o resultado provisional da selección para a contratación de persoal técnico informador turístico no concello de Touro, outorgando un prazo de 3 días hábiles para a presentación das alegacións aos resultados acadados. Este resultado considerarase definitivo se non se presentasen reclamacións.
2.Propoñer ao señor Alcalde a contratación como técnica de información turística de Dª Ramona Lampón Lampón, por resultar a candidata que alcanzou a maior puntuación no proceso de selección, sempre que non se presenten reclamacións por parte dos/as demais candidatos/as.
3. Os/as candidatos/as que resultasen da puntuación total poderán ser contratados/as no caso de renuncia ou enfermidade da persoa seleccionada, pola orde de puntuación acadada.

Polo señora Presidenta declarouse finalizada a sesión, sendo as doce trinta horas do día ao principio indicado, firmando os asistentes a presente acta en proba de conformidade.

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A INFORMADOR TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as dez horas do día vintedous de xuño de dous mil vintedous, reúnense os membros da Comisión de Selección para a contratación dun técnico/a informador turístico para a oficina de turismo do Concello, conforme ás bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data do 13 de maio de 2022, que se relacionan de seguido:

Presidenta: Dª . Nieves González Mujico, educadora social
Vogais....: Dª María Paz Gutiérrez Abella, traballadora social.
Dª. Ana Pájaro Fernández, AEDL.
Dª Eva Varela Ares, Encargada PAI.
Secretario: D. José Ramón Casal Orza, funcionario municipal

Constituída a Comisión, procédese á valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes, conforme aos baremos fixados nas bases aprobadas con data do 13 de maio de 2022, co seguinte resultado:

Apelidos e nome	a) Outras titulacións	b) Cursos, seminarios e xornadas	c) Idiomas	d) Galego	e) Experiencia	Total
Alonso Rodríguez, Paula	1	1	0,85	0,50	1,95	5,30
Arias Mas, Borja	1,50	0,10	0,20	0,50	0,45	2,75
Chousal Ferreira, Alberto	1	0,50	0,60	0,50	1,65	4,25
Cornado Rodríguez, Lucía	1,50	1	0,70	0,50	1,65	5,35
Fernández-Couto Tella, Constanza	0	1	0,60	0,50	1,80	3,90
Illodo Ferreiro, Ángela	0,50	1	0,95	0,50	2	4,95
Lampón Lampón, Ramona	1,50	1	0,65	0,50	2	5,65
Martínez Otero, Pablo	0	0	0,25	0,50	0	0,75
Martínez Prado, Gutier	0	0,50	0,40	0,50	1,20	2,60
Merino Mouriño, Patricia	0	1	0,60	0,50	0	2,10
Parrado Rodríguez, Celia	1	0,90	0,75	0,50	2	5,15
Pena Brantuas, Vanesa	1,50	1	1,15	0,50	2	6,15
Penedo Vázquez, Eva	1,50	1	0,45	0,50	0,90	4,35
Rodo Calvo, Sara	1,50	0,50	0,25	0,50	0	2,75
Sánchez Sanmartín, Mª Carmen	0,50	0,70	0,80	0,50	2	4,50
Sesto Rey, Raquel	0,50	0,50	0,30	0,50	2	3,80
Veiras Barreiro, Cristina	1,50	0,10	0,95	0,50	1,80	4,85

Finalización de méritos, convócase aos membros da Comisión para o día 23 de xuño ás 9.30 horas para a realización da proba escrita prevista nas bases e posterior aprobación dos resultados provisionais.

Pola señora Presidenta declarouse finalizada a sesión, sendo as trece trinta horas do día ao principio indicado, firmando os asistentes a presente acta en proba de conformidade.

PROBA PARA A SELECCIÓN DE INFORMADOR/A TURÍSTICO/A 23/06/2022

Nome e apelidos_____

DNI_____

1. Segundo o Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, non ten a consideración de actividades profesionais propias dos/as guías de turismo:

a) Os servizos de mero acompañamento e asistencia proporcionada a grupos de usuarios/as turísticos/as fóra dos lugares comprendidos no artigo 2.

b) As actividades que realicen programadamente e sen percibir retribución específica por iso os/as profesionais do ensino con ocasión de visitas formativas dirixidas a grupos de alumnos/as ou os/as funcionarios/as e persoal ao servizo da Administración pública con motivo de visitas de carácter institucional.

c) As realizadas polos/as empregados/as de museos ou monumentos histórico-artísticos que no seu interior faciliten información sobre estes aos/ás visitantes, sen percibir retribución por este concepto e sen que ofrezan os seus servizos mediante anuncio ou publicidade

2. Segundo o Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, un dos títulos non admitidos para a habilitación directa de guía de turismo é:

a) Técnico superior en guía, información e asistencia turísticas ou equivalente u homologado

b) Grao en información e desenvolvemento turístico homologado

c) Grao ou diplomatura en turismo ou equivalente u homologado

3. Segundo o Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, desde que momento ten efecto a resolución de habilitación de guía de turismo:

a) A resolución de habilitación producirá efectos desde a súa notificación ao interesado ou, se fora o caso, desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

b) A resolución de habilitación producirá efectos desde o día seguinte á súa notificación ao interesado.

c) A resolución de habilitación producirá efectos desde a sinatura desta por parte da persoa responsable do expediente.

4. Segundo o Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia,

a) A proba de aptitude estará formada unicamente por preguntas tipo test e preguntas de desenvolvemento, que versarán sobre cuestións teóricas e prácticas.

b) Para a realización das probas e a avaliación do seu resultado constituirase unha comisión de valoración formada por un número impar de membros nomeados pola Dirección da Axencia Turismo de Galicia entre persoas con coñecementos nas materias obxecto das probas.

c) Para a realización das probas e a avaliación do seu resultado constituirase unha comisión de valoración formada por cinco membros nomeados pola Dirección da Axencia Turismo de Galicia entre persoas con coñecementos nas materias obxecto das probas.

5. Segundo o Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, o sector público autonómico adoptará as medidas necesarias para fomentar que os colexios profesionais e asociacións de guías de turismo ou as súas federacións establezan medidas que aseguren a calidade dos servizos, en particular a través dun dos métodos seguintes:

a) A certificación ou avaliación das súas actividades por parte de organismos independentes ou acreditados.

b) A elaboración da súa propia carta de calidade ou a participación en cartas ou etiquetas de calidade elaboradas por organismos profesionais a nivel internacional.

c) Outros sistemas de calidade de carácter autonómico.

6. A disposición derrogatoria única do Decreto 73/2015 do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia,

a) Derroga o título II, artigos 31 ao 41, e as disposicións transitorias do Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto no presente decreto.

b) Derroga o título III, artigos 31 ao 41, e as disposicións transitorias do Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto no presente decreto.

c) Derroga o título I, artigos 31 ao 41, e as disposicións transitorias do Decreto 42/2010, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto no presente decreto.

7. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, as entidades supramunicipais que fosen creadas expresamente co fin da promoción ou xestión turística conxunta por concellos integrantes dunha área con afinidades en canto á explotación turística:

a) Poderán estar participadas polas deputacións provinciais

b) En ningún caso poderán estar participadas polas deputacións provinciais

c) Poderán estar participadas polas deputacións provinciais sempre que o seu ámbito de actuación sexa nunha única provincia.

8. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, en cal das seguintes circunstancias non se perde a condición de municipio turístico?:

a) Deixan de darse as circunstancias que o motivaron

b) Se o solicita o concello interesado

c) Se o concello unicamente presta os servizos mínimos inherentes á condición de municipio turístico.

9. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, a clasificación turística identifica:

a) O grupo, a categoría e/ou a modalidade do establecemento turístico atendendo, unicamente, a súa situación territorial e as características e os servizos ofrecidos.

b) O grupo, a categoría e/ou a modalidade do establecemento turístico atendendo, entre outras circunstancias, á calidade dos servizos.

c) O grupo, a categoría e/ou a modalidade do establecemento turístico atendendo, entre outras circunstancias, a súa situación territorial e as características e os servizos ofrecidos

10. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, defínense as Hospedarías rurais como:

a) Son hospedarías rurais os establecementos situados no medio rural que, posuíndo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico, ofrecen aloxamento por cuartos e, polo menos, dúas actividades complementarias de servizos turísticos vinculados ao medio onde se atopan. A capacidade aloxativa destes establecementos non superará as corenta prazas.

b) Son hospedarías rurais os establecementos situados no medio rural que, posuíndo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico, ofrecen aloxamento por cuartos.

c) Son hospedarías rurais os establecementos situados no medio rural que, posuíndo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico, ofrecen aloxamento e dúas actividades complementarias de servizos turísticos vinculados ao medio onde se atopan. A capacidade aloxativa destes establecementos non superará as corenta prazas.

11. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, defínense as casas rurais como:

a) Son casas rurais os establecementos de turismo rural situados en vivendas autónomas e independentes que, pola súa antigüidade e características, respondan ao concepto da arquitectura tradicional galega da zona nas que se proporcione o servizo de aloxamento turístico e, eventualmente, outros servizos complementarios.

b) Son casas rurais os establecementos de turismo rural situados en vivendas autónomas que, pola súa antigüidade e características, respondan ao concepto da arquitectura tradicional galega da zona nas que se proporcione o servizo de aloxamento.

c) Son casas rurais os establecementos situados no medio rural que, posuíndo un carácter tradicional ou un singular valor arquitectónico, ofrecen aloxamento e dúas actividades complementarias de servizos turísticos vinculados ao medio onde se atopan.

12. Segundo a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, non é unha infracción leve:

a) As deficiencias na prestación dos servizos debidos ou nos termos contratados, cando non lle causen un grave prexuízo á usuaria ou ao usuario turístico.

b) Utilizar denominacións, rótulos ou distintivos diferentes aos que correspondan segundo a normativa turística.

c) As deficiencias nas dependencias ou das instalacións destinadas ao persoal do establecemento.

13 En cal das seguintes parroquias se sitúa o petróglifo Pena Furada?

a) Circes

b) Prevediños

c) Bama

14 En que lugar comeza a ruta de sendeirismo dos Tres Ríos?

a) En Ponte Remesquide

b) Na área recreativa de Santaia

c) En Ponte Basebe

15. Un dos espazos naturais mais relevantes de Touro é:

a) A Carballeira de Beseño

b) A Carballeira de Brandelos

c) A Carballeira da Santaia

16. Cal destas áreas recreativas non pertence ao Concello de Touro?

a) Souto do Barco

b) Brandelos

c) A Tarroeira

17. Cal dos seguintes ríos pasa pola parroquia de Andeade, no Concello de Touro?

a) Beseño

b) Baltar

c) Pucheiras

18. O Sistema Fluvial Ulla-Deza, do que o Concello de Touro forma parte, está incluído:

a) Como reserva da Biosfera.

b) Como Lugar de Importancia Comunitaria na Rede Natura 2000

c) Como Zona de Especial Protección

19. Entre as festas parroquiais máis destacadas do Concello de Touro inclúese:

a) San Cristobo

b) A Romaría de San Breixo

c) A Feira do día 5

20. Que parroquia do Concello de Touro destaca polas súas pegadas romanas?

a) Bendaña

b) Loxo

c) Novefontes

PREGUNTAS DE RESERVA

21. En que texto se mencionan as terras que actualmente constitúen o Concello de Touro?

a) Anais da Corona do Reino de Galicia

b) Códice Calixtino

c) Cantigas de Santa María

22. Cal das seguintes rutas homologadas no Concello de Touro, se denomina “Ruta da Ribeira do Ulla”?

a) A Ruta PRG 92

b) A Ruta PRG 93

c) A Ruta PGR 124

23.Cal das seguintes parroquias do Concello de Touro limita co río Ulla?

a) Andeade

b) Foxás

d) Prevediños

24. Cal destes montes pertence ao Concello de Touro?

a) Monte de Ancos

b) Monte Candán

c) O Coto da Xunqueira

RESPOSTAS

1	C
2	B
3	A
4	B
5	A
6	A
7	B
8	C
9	C
10	A
11	A
12	B
13	A
14	B
15	B
16	C
17	A
18	B
19	B
20	B
21	A
22	C
23	B
24	C